



## NOTA INFORMATIVA SOBRE O INICIO DA ADMINISTRACIÓN DA VACINA FRONTE AO HERPES ZÓSTER NO CALENDARIO DE VACINACIÓN AO LONGO DE TODA A VIDA

A Dirección Xeral de Saúde Pública incorpora a **partir do 10 de abril a administración da vacina fronte ao herpes zóster de xeito sistemático nas cohortes de idade 65 e 80 anos.**

O pasado 15 de setembro de 2022 a Consellería de Sanidade presentou o **"Calendario de vacinación ao longo de toda a vida"**, do Programa Galego de Vacinación, que contempla a estratexia para a inmunización en todas as etapas da vida, reforzando o concepto de que a vacinación non remata na infancia.

O **"Calendario de vacinación ao longo de toda a vida"** actualizarase durante este ano 2023, con novas incorporacións:

- A primeira novidade deste calendario, adiantándose a data prevista de incorporación, é a **inclusión da vacina fronte ao herpes zóster (Shingrix®) como vacinación sistemática, na poboación xeral en dúas cohortes de idade: 65 e 80 anos.** Ademais mantense a administración en persoas de 18 e máis anos pertencentes a grupos de alto risco como son: transplante autólogo de proxenitores hematopoéticos; transplante de órgano sólido, tratamento con fármacos anti-JAK, persoas estables con terapia antirretroviral, hemopatías malignas; e tumores sólidos en tratamento con quimioterapia.
- Posteriormente e de xeito secuencial ao longo do ano 2023 introduciranse outras novidades que xa foron anunciadas:



- Modificación da vacina pneumocócica conxugada, coa incorporación da vacina 20 valente para as persoas de 65 anos.
- Inclusión da vacina fronte ao rotavirus en lactantes a partir dos dous meses de idade.
- Inclusión do anticorpo monoclonal fronte ao virus respiratorio sincitial (VRS) en neonatos e lactantes durante a súa primeira tempada do VRS.

Previsiblemente na metade de ano publicarase a actualización do calendario de vacinación ao longo de toda a vida e a correspondente instrución con estes cambios.

**Por tanto, a partir do día 10 de abril de 2023,** comezará a administración da vacina fronte ao herpes zóster (Shingrix®) de xeito sistemático nas persoas de 65 e 80 anos, é dicir para este ano 2023 as nadas no ano 1958 e 1943 respectivamente. Deste xeito cada ano vacinarase as persoas que vaian cumprindo 65 e 80 anos. A pauta desta vacina consta de dúas doses separadas polo menos 2 meses entre sí.

Recordamos aos puntos de vacinación que deberán solicitar a vacina fronte ao herpes zóster (Shingrix®) de xeito habitual e coa anticipación necesaria para comenzoar na data indicada.

Toda a información técnica atopase na instrución "Recomendacións de vacinación fronte ao herpes zóster": <https://www.sergas.gal/Saude-publica/Calendario-comun-vacinacion>  
Vacinación fronte ao Herpes Zóster - Consellería de Sanidade - Servizo Galego de Saúde (sergas.gal)

